

**FELIU TORRUELA, MARÍA; HERNÁNDEZ CARDONA, XAVIER:  
DIDÁCTICA DE LA GUERRA CIVIL ESPAÑOLA, BARCELONA, GRAÓ,  
2013. 162pp. 15,20€**

O libro *Didáctica de la Guerra Civil española*, de María Feliu Torruella e Francesc Xavier Hernández Cardona, expón unha serie de propostas didácticas, sobre a Guerra Civil Española, fundamentándose en diversos factores metodolóxicos e criterios científicos. Debemos ser conscientes de que as programacións educativas, respecto a esta temática, tenden a ser inestables, contando, ao mesmo tempo, con matizacións por parte dos gobernos autonómicos. Incluso no eido historiográfico é unha temática complexa, como se puxo de manifesto co debate historiográfico nado a partir da publicación dalgunhas entradas respecto ao franquismo e a guerra civil no monumental, *Diccionario Biográfico Español* da Real Academia de la Historia (RAH).

A Guerra Civil Española posúe certos elementos casuísticos de gran controversia, repercutindo, en gran medida, no discurso historiográfico que debe impartirse nas aulas. Partindo de que o seu estudo é necesario para a comprensión e interpretación da historia de Europa e España dende o 36 ata a actualidade, os autores deste libro propoñen propostas concretas e solucións xenéricas para os profesores e mestres que poidan traballar esta temática.

A estrutura do libro consiste nunha introdución xeral onde se mostra o tema a tratar e o seu potencial didáctico. Posteriormente, preséntasenos unha proposta de traballo na cal se dan unha serie de pautas para poder levala a cabo e, a maiores, inclúese un apartado no cal se describen outras propostas que poderían resultar interesantes. Por último, os autores expoñen unha serie de recursos necesarios para levar a cabo ditas propostas e uns documentos para ampliar a información.

En total, os autores do libro inclúen dezaseis modos diferentes a partir dos cales tratar a Guerra Civil Española na aula. A maioría destes contan cun carácter interdisciplinar, como é o caso da proposta "Una novela de denuncia" ou "Observando la inhumanidad: el Guernica", entre outras.

Unha das propostas que nos resultou máis atractiva foi a chamada "Un mercadillo de la Guerra Civil", na cal os alumnos poden aportar obxectos orixinais dos anos trinta ou que estivesen en activo durante a Guerra Civil Española. Posteriormente, sobre cada un destes, elaborárase unha ficha, a cal contempla diversos elementos, e incluírase dentro dun ficheiro informático para organizar unha exposición virtual. Esta actividade podería ser útil, non só para o alumnado de secundaria, senón para os demais membros da comunidade educativa, facendo dese ficheiro informático un recurso do centro.

A totalidade das actividades concédenlle certa autonomía ó profesor para que, a partir dos obxectivos que pretende conseguir e recursos que ten a súa disposición, elixa a proposta que máis se adecúe ás necesidades

dos seus alumnos. Aínda así, en moitos casos, considero que pode chegar a ser algo complexo dispor de certos recursos, influíndo, en gran medida, a situación do centro educativo dende o cal se realice a actividade. Deste xeito, debería ser necesario desenvolver nas determinadas propostas o papel do plano territorial xa que, por exemplo, en Galicia, durante a guerra, non houbo trincheiras pero, nembargante, a represión franquista tivo un carácter tanxible que podería ser interesante para traballar cos alumnos/as dos centros educativos deste contexto.

Dende o noso punto de vista, entendemos que estamos ante unha proposta máis que interesante para abordar o estudo-aprendizaxe da Guerra Civil Española nos centros educativos de secundaria, como indica o libro; contando, en todo momento, co interese didáctico desta e a motivación que pode resultar dos alumnos. De feito, podería ser interesante a súa consideración dende o centros educativos para a posta en marcha dun proxecto interdisciplinar entre os diversos departamentos, que abordara aspectos diversos dunha temática histórica para entender mellor o medio. Aínda así, estimo que, previamente, sería necesario plantexar un estudo empírico das diversas propostas do libro nos centros educativos para a súa posterior avaliación. Deste xeito, seríamos conscientes dos seus puntos fortes e febles e se os alumnos desenvolveron unha aprendizaxe significativa.

Asemade, outra proposta que podería resultar interesante sería a adaptación destas actividades ó alumnado de Educación Primaria, dentro da materia "Coñecemento do Medio" ou, como dicíamos antes, para tratar de forma interdisciplinar o estudo da historia.

BEATRIZ SOUTO RIAL  
Grao en Pedagogía  
Universidade de Santiago de Compostela  
[beatriz.souto@rai.usc.es](mailto:beatriz.souto@rai.usc.es)